

BASES BOLSA DE COIDADADO PROFESIONAL 2024.

SERVIZO DE CONCILIACIÓN, CRIANZA EN COMUNIDADE

1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes na bolsa de coidado profesional 2024, servizo de conciliación. Crianza en comunidade.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar crianzas de 3 a 13 anos, preferentemente empadroadas no concello de Covelo.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

Establécese un número máximo de 10 persoas participantes por persoa monitora seleccionadas por orde de inscrición coa priorización dos criterios que se sinalan no apartado 7.3 Criterios de selección.

3.- TEMPORALIZACIÓN

SERVIZO DE TARDE

O servizo realizarase os días luns, martes, mércores e xoves en horario de 16,00 horas a 19,00 dende o 2 de setembro ao 27 de setembro.

ACCESO AO SERVIZO:

- As persoas inscritas accederán ao servizo por orde de chegada.
- As persoas que precisen reservar praza para días concretos deberán presentar una solicitude de reserva antes do día anterior as 13,00 horas.
- A non asistencia sen xustificación a un día reservado será penalizada coa imposibilidade de asistencia dos 10 días de servizo posteriores.

SERVIZO DE MAÑÁ:

Setembro:

- Días: 2, 3, 4, 5 e 6 de 09,00 horas –14,00 horas.
- Posibilidade de aula matinal ou saída tardía previa solicitude.

ACCESO AO SERVIZO:

- Será necesaria a **reserva de praza antes do 20 de agosto de 2024**. A non asistencia sen xustificación a un día reservado será penalizada coa imposibilidade de asistencia dos 10 días de servizo posteriores.



Concello de Covelo

SERVIZOS PUNTUAIS:

- Consultar dispoñibilidade

4.-PREZO

O servizo será gratuito previa inscrición.

5.- ACTIVIDADES

O tempo será dedicado a actividades de apoio escolar, culturais, xogos de mesa e de lectura, ademais de obradoiros puntuais de sensibilización sobre a conciliación, igualdade e reparto de tarefas.

6.- METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa. A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de tódalas persoas participantes no mesmo, ademais do apoio mutuo entre a comunidade.

7.- PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección das persoas participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no taboleiro municipal, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno.

Accederán as persoas ao servizo por orde de inscrición.

** Poderán incribirse despois desta data as persoas que o precisen e pasarán a bolsa de persoas asistentes que poderán utilizar o servizo.

7.2.- INSCRICIÓN

7.2.1.-Documentación.

As nais, pais ou persoas titoras legais das crianzas interesadas deberán presentar no concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Folla de inscrición.
- DNI da nai, pai titora ou titor
- DNI da persoa menor ou libro de familia ou partida de nacemento.
- Cartilla da Seguridade Social
- IRPF do ano 2022
- Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán vida laboral, certificado de empresa ou calquera proba que indique que a persoa está en activo.



Concello de Covelo

As persoas que desexen máis información sobre o servizo de conciliación poden poñerse en contacto no teléfono: 986650027 ext. 3

ACCESO AO SERVIZO:

- As persoas inscritas accederán ao servizo por orde de chegada.
- As persoas que precisen reservar praza para días concretos deberán presentar una solicitude de reserva antes do día anterior as 13,00 horas.
- A non asistencia sen xustificación a un día reservado será penalizada coa imposibilidade de asistencia dos 10 días de servizo posteriores.

SERVIZO DE MAÑÁ:

Setembro:

- Días: 2,3,4,5 e 6 de 09,00 horas –14,00 horas.
- Posibilidade de aula matinal ou saída tardía previa solicitude.

ACCESO AO SERVIZO:

Será necesaria a **reserva de praza antes do 20 de agosto de 2024**. A non asistencia sen xustificación a un día reservado será penalizada coa imposibilidade de asistencia dos 10 días de servizo posteriores.

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

7.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Admitiranse as persoas participantes por orde de inscrición.

Terán prioridade:

1. Persoas empadroadas no Concello de Covelo.
2. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais e cargas familiares relacionadas cos coidados.
3. Familias de especial vulnerabilidade valorando o nivel de renda das persoas que o soliciten xustificando con informe dos servizos sociais comunitarios do Concello.
4. Mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións.
3. Familias monomarentais e monoparentais.
5. Familias numerosas.
6. Mulleres, nais ou titoras legais, en situación de desemprego de longa duración. Mulleres, nais ou titoras legais, maiores de 45 anos.



Concello de Covelo

7. Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de Concello de Covelo.

8. Persoas escolarizadas en centros públicos educativos do Concello de Covelo.

Calcularase a renda da unidade familiar, sumada a base impositiva xeral e a base impositiva do aforro, da declaración do IRPF do ano 2022.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará persoa computable aquela que non conviva co fillo/a, agás nos casos de custodia compartida. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella.

- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar.

**No caso de que existan prazas suficientes poderán acceder ao Servizo de Conciliación todas as persoas inscritas.

7.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN

Publicarase no taboleiro municipal e na páxina web do Concello o listado de persoas admitidas.

8.- ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia ao servizo. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

9.- RECURSOS

9.1.- RECURSOS HUMANOS:

1 o 2 monitoras ou monitores cualificados. Os grupos formaranse segundo as idades do alumnado.

9.2.- RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras.

Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento,



Concello de Covelo

acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grampadora, grampas, clips, regras, abalorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de pau, prato, vasos, etc...

Aula con mesas e cadeiras para todas e todos os participantes.

10. AVALIACIÓN

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou mediadores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaranse e empregaranse de forma periódica o Concello de Covelo. A avaliación final quedara rexistrada nunha memoria.

En Covelo o, na data que figura á marxe



Concello de Covelo

INSCRIPCIÓN SERVIZO CONCILIACIÓN, CRIANZA EN COMUNIDADE, COVELO 2024

DÍAS SOLICITADOS : <input type="text"/>	
LUNS <input type="checkbox"/>	MERCORES <input type="checkbox"/>
MARTES <input type="checkbox"/>	OUTROS: <input type="text"/>
SOLICITANTE: NAI,PAI,TITORA OU TITOR	
Nome: <input type="text"/>	Apelidos: <input type="text"/>
DNI: <input type="text"/>	Telf: <input type="text"/>
Enderezo: <input type="text"/>	
SOLICITO PRAZA PARA:	
Nome e apelidos: <input type="text"/>	
Data nacemento: <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	
Nome e apelidos: <input type="text"/>	
Data nacemento: <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	
Nome e apelidos: <input type="text"/>	
Data nacemento: <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	

OBSERVACIÓNS DE CADA CRIANZA (necesidades especiais, alerxias, outras)



Concello de Covelo

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON: Para a difusión e memoria de actividades	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DA CRIANZA NAS ACTIVIDADES: Estou informado e acepto as normas de funcionamento e as actividades programadas na Servizo de Conciliación , Crianza en comunidade, incluíndo as visitas culturais e rutas pola contorna.	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
PERSONAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA:		
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Documentación:		
-Copia do DNI da persoa solicitante -Copia do DNI da crianza ou de non telo copia do Libro de Familia ou partida de nacemento. -Copia da tarxeta sanitaria da crianza -Quen alegue necesidade por motivos laborais presentarán copia do contrato e certificado de empresa co horario de traballo. -IRPF do ano 2022 -Informe xustificativo dos Servizos Sociais do Concello.		

Covelo, a de do 2024

Asinado

De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade contratada para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.

